DOCUMENTO DE TRATAMENTO DE DATOS | ESMUVIGO, S.C.G.

AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE DATOS DO ALUMNADO

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA PERSOA TITULAR (Alumno/a)

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Teléfonos	
Correo electrónico	
Data de nacemento*	

REPRESENTANTE OU PAI/NAI/TITOR/A LEGAL*

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Teléfonos	
Correo electrónico	

(*) Cubrir no caso de menores de 14 anos, ou maiores de 14 anos que precisen ter titor/a legal.

2. RESPONSABLE DO TRATAMENTO DE DATOS

Informámoslle de que os datos subministrados directamente por vostede ou por unha terceira persoa serán tratados de forma confidencial e pasarán a formar parte de diferentes tratamentos de datos, presentes e futuros, necesarios para manter a relación que temos con vostede, sendo responsable destes ESMUVIGO, S.C.G., con CIF F27779255, en diante O RESPONSABLE.

3. TRATAMENTOS DE DATOS: FINALIDADES, LEXITIMACIÓN, CESIÓNS, PRAZOS E DEREITOS

O RESPONSABLE recolle os seus datos para distintos tratamentos, sendo utilizados unicamente para determinadas finalidades, que se indican a continuación para cada un deles. Os datos non serán tratados posteriormente de maneira incompatible con estas finalidades. No caso de existir algún tratamento cuxa finalidade non coincida con aquela para a que os datos foron recollidos inicialmente, informaráselle desa nova finalidade.

O RESPONSABLE realiza os seguintes tratamentos:

XESTIÓN DE CLIENTES

Finalidade e lexitimación: Xestión da relación coa clientela, formalización da alta como clientes e facturación dos servizos, con base na relación contractual ou comercial existente.
Cesións: Os seus datos serán cedidos a entidades bancarias para a emisión de recibos e cobros, a terceiras persoas ou entidades coas que o responsable teña contratado un servizo de asesoramento contable e fiscal, e á Administración pública con competencias na materia.
Prazo: O período de conservación será de cinco anos unha vez finalizada a relación contractual.
Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación.

XESTIÓN DO ALUMNADO (Titular)

Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos do alumnado para a xestión das actividades formativas, expedientes e información académica, coa base lexitimadora do tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte.
Cesións: Non están previstas cesións, salvo obriga legal ou acceso incidental por parte dunha persoa encargada do tratamento necesario para o funcionamento do sistema automatizado.
Prazo: Os datos conservaranse mentres dure a relación entre a persoa titular e o responsable e/ou durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais.
Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación.

ENVÍO DE NOTIFICACIÓNS E AVISOS

Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos identificativos para o envío de notificacións e avisos de interese para a persoa titular dos datos en relación cos servizos contratados. A base de lexitimación é o consentimento expreso para este tratamento, recollido no apartado 5. Consentimentos.

Cesións: Non están previstas cesións, salvo obriga legal ou acceso incidental por parte dunha persoa encargada do tratamento necesario para o funcionamento do sistema.
Prazo: Os datos serán tratados durante a vixencia do contrato ou ata a oposición da persoa titular ao tratamento.
Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación.

COMUNICACIÓNS A TRAVÉS DE REDES SOCIAIS
Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos identificativos para a xestión da comunicación entre o responsable e a persoa titular dos datos mediante mensaxes directas a través de redes sociais e/ou aplicacións de mensaxería como WhatsApp, Telegram ou outras, así como a posible inclusión en grupos de comunicación. A base de lexitimación é o consentimento expreso para este tratamento, recollido no apartado 5. Consentimentos.
Cesións: Non están previstas cesións, salvo obriga legal ou acceso incidental por parte dunha persoa encargada do tratamento necesario para o funcionamento do sistema.
Prazo: Os datos serán tratados ata que a persoa titular se opoña ao tratamento ou se produza unha perda relevante da súa utilidade.
Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación.

XESTIÓN MULTIMEDIA
Finalidade e lexitimación: Tratamento de imaxes e/ou vídeos para uso interno por parte do responsable ou para a elaboración e difusión de contidos promocionais en redes sociais, páxina web, medios de comunicación, revistas ou outros medios que considere oportunos. A base de lexitimación é o consentimento expreso para o tratamento.
Cesións: Os datos poden ser cedidos para a elaboración ou difusión dos contidos, ademais do posible acceso incidental por parte dunha persoa encargada do tratamento necesaria para o funcionamento do sistema. Estes supostos estarán amparados por acordos de confidencialidade.
Prazo: Os datos serán tratados ata que a persoa titular se opoña ao tratamento ou se produza unha perda relevante da súa utilidade.
Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación.

4. EXERCICIO DE DEREITOS

Poderán exercerse os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación e/ou Portabilidade (segundo corresponda en cada caso) mediante escrito, acreditando a identidade cun documento oficial (NIE, DNI ou Pasaporte), dirixido a ESMUVIGO, S.C.G., en Camiño Regueiro 1, 36211 Vigo (Pontevedra), ou mediante correo electrónico a esmuvigoscg@esmuvigo.es.
Tamén poderá solicitar a tutela dos seus dereitos ante a Axencia Española de Protección de Datos, rúa Jorge Juan, 6, 28001 Madrid.

5CONSENTIMENTOS

Mediante a sinatura deste documento, a persoa titular autoriza o tratamento dos seus datos para as finalidades descritas no apartado 3, agás aqueles tratamentos que requiren consentimento expreso:

☐ **Autoriza** ☐ **Non autoriza o envío de notificacións e avisos para mantelo/a informado/a sobre o servizo.**

☐ **Autoriza** ☐ **Non autoriza a comunicación mediante mensaxes directas a través de redes sociais e/ou aplicacións de mensaxería como WhatsApp ou Telegram.**

☐ **Autoriza** ☐ **Non autoriza o tratamento de imaxes e/ou vídeos para a difusión promocional do responsable en redes sociais, páxina web ou outros medios que considere oportunos.**

Asinado en _____, a ____ de _____ de 20____

Por:_____